

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACION LISTA CANDIDATOS/AS PRESELECCIONADOS/AS APROL 2024

Exptes: 2024/E001/000015, 2024/A008/000004

O día 24 de xaneiro de 2024 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicou no Diario Oficial de Galicia núm 17 a Orde do 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024.

As bases reguladoras no citado DOG recollen que o obxecto da subvención é o financiamento de accións de fomento do emprego en colaboración coas entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios forestais nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión de biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.

O 23 de febreiro de 2024 o Concello de Fene presenta a solicitude de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

O 19 de abril de 2024 mediante Resolución da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración, concédelle ao Concello de Fene unha subvención, co núm de Expte **TR351G 2024/000066-1**, por importe de **32.215,58** euros, equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo obxecto da solicitude nos termos expresados na consideración segunda da resolución: 2 peóns/peoas forestais a xornada completa e cunha duración de 9 meses, baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (código de contrato 405).

O 7 de maio de 2024 a Xefatura territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración acorda ampliar o prazo para o inicio do período de contratación ata o día 03/06/2024.

Mediante a Resolución da alcaldía núm. 574/2024, do 06.05.2024, aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 2 traballadores/as (peóns/as forestais), mediante oposición, ao abeiro do programa Aprol Rural, financiado pola Consellería de Promoción de Emprego, Comercio e Emigración, as cales foron publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Con data 7 de maio de 2024 o Concello de Fene presenta oferta xenérica ante o Servicio Público de Emprego de Galicia na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro (12-2024-4472), de acordo co Art. 14.3 da Orde do 26 de decembro de 2023.

Con data 13 de maio de 2024 o Servicio Público de Emprego de Galicia (SPEG) remite unha relación das persoas candidatas, para a selección definitiva, segundo o art. 14.7 da Orde do 26 de decembro de 2023.

Conforme ao disposto na base terceira das bases reguladoras do proceso de selección, e de conformidade coa normativa vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de preseleccionados/as que se relacionan a continuación:

Peóns forestais Núm oferta: 12-2024-4472

- BOUZA BARREIRO JUAN CARLOS
- CALVO MEIZOSO JOSÉ ANTONIO
- CHAO LÓPEZ ANTONIO
- CREGO CARNOTA MANUEL
- DÍAZ BARRO ANTONIO
- FERNÁNDEZ GARCÍA MANUEL

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



- FERREIRO GONZÁLEZ FRANCISCO MANUEL
- GALÁN RAMIL FERNANDO
- MARTÍNEZ MONTERO FRANCISCO
- PENA SEIJAS JOSÉ JUAN
- PIERONE STESSANO JUAN ANGEL
- QUINTÍA CASTRO JORGE
- RIVERA RUBAL JOSÉ LUIS
- ROMERO FERNÁNDEZ MARÍA ISABEL

SEGUNDO.- De acordo coas ditas bases, os/as candidatos/as preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia deberán presentar as solicitudes para tomar parte nas probas selectivas nun prazo de **3 días hábiles**.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

0-G
096
150
P-
F:
C.I.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).